

Boas a tod@s:

A actividade que vos propoño a continuación consistirá na creación **dun mural de** para o cal teredes que empregar a vosa imaxinación e recursos traballados durante todo este curso para obter un traballo final do máis lucido posible.

- **Onde o monto?** Nunha cartulina tamaño grande da cor que vos prefirades.

- **Que material podo empregar?** Todo o que queirades e dispoñades. (papeles de regalo, folios de cores, pegatinas, recortes de revistas...)

Podedes pintar con ceras de cores, lápices, rotuladores, acuarelas... é **totalmente libre**.

Recordade que antes de montalo sería interesante facer un *pequeno bocexo nun folio* e unha listaxe do material que ides a precisar.

Podedes visualizar na clasificadora todo o que fixemos en educación plástica durante este curso, empregade todo o que aprendimos e poñedeo en práctica neste traballo final para o cal tedes como

**data de límite de entrega o 15 de xuño.**

Para axudar a vosa inspiración vos deixo aquí unhas imaxes de algúns que me pareceron interesantes.

Calquera dúbida que teñades, escribídemme ao correo.

